

BASES ESCAPE ROOM “DESMONTANDO A DESIGUALDADE”

O Concello de Nigrán organiza a actividade Escape Room “Desmontando a desigualdade”

Contido

Actividade de escapismo, na que as persoas participantes deberán superar unha serie de probas relacionadas coa igualdade de xénero.

Persoas destinatarias

Poderán participar grupos de entre catro e seis persoas, ata un máximo de 6 grupos por sesión. A actividade está recomendada a partires dos 9 anos, aínda que non é excluínite.

Lugar de realización e data e horarios

Desenvolverase no Auditorio Municipal, o día 25 de marzo de 2023

Realizaranse dúas sesións:

- Primeira sesións: 10:30 h.
- Segunda sesión: 12:00 h.

Materiais

Os materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade será facilitado pola organización. As persoas participantes deberán acudir con roupa e calzado cómodo.

Requisitos de participación

As persoas participantes deberán estar empadroadas no Concello de Nigrán. O empadroamento será comprobado polo Concello de Nigrán

Selección dos grupos participantes

1.- As persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario de inscrición acompañada da seguinte documentación:

- Persoas maiores de idade: copia do DNI
- Persoas menores de idade: copia do DNI, ou Libro de Familia
- Autorización do pai/nai, titor/a e copia do DNI da persoa que asina a autorización (en caso de menores non acompañados polo seu pai/nai, titor/a)

2.- Prazo e presentación do formulario de inscrición: o prazo comezará o día 16 de marzo ás 00:00 h. e rematará o día 21 de marzo ás 24:00 h. O formulario deberá remitirse por correo electrónico ao seguinte enderezo: cim@nigran.org.



3.- Criterio de selección: os grupos de participantes seleccionaranse por orde de inscrición. Se quedaran prazas vacantes unha vez rematado o prazo de inscrición poderase solicitar a participación ata esgotarse as mesmas.

4.- Listado de admitidos. Publicarase o día 23 de marzo na páxina web do concello de Nigrán e comunicarase por correo electrónico aos grupos admitidos.

Información

Para mais información no teléfono 986 38 30 81 de luns a venres en horario de 9:00 h. a 14:00 h.